

Memoria da memoria

Narrativa Nostalxia por un tempo non vivido e xogo entre historia e fantasía no último de López Silva

A Editorial Galaxia acaba de publicar o máis recente Premio Blanco Amor, o de 2007, que recaeu desta volta en *Memoria de cidades sen luz*, de Inma López Silva. A novela conta a vida dunha serie de personaxes que se ven sometidos ao que a autora denomina “lei da casualidade”, que combina distintos azares persoais con algunhas das grandes efemérides do século XX: a guerra civil española, a ocupación nazi de París, o maio do 68. Na forma de memorias, escritas por un narrador baixo o pseudónimo de Marcel Royal-Behamou, esta “porción de memoria que non sae nos libros de historia”, tal e como indica a contracapa do libro, xoga coa aparición de personaxes reais como Ánxel Casal e María Casares, que intervirán de xeito directo e decisivo nas vidas dos protagonistas ficticios desta intrahistoria, e coa recreación dunha fuxida que ben podería representar o exilio de milleiros de galegos.

Neste xogo entre historia e fantasía, resulta difícil decidir quen é o personaxe máis real e destacado de *Memoria de cidades sen luz*. Aca-

so Lucía, a muller libre que namora de Casal e foxe a Francia; o seu fillo e narrador, adoptado pola nai despois do asasinato da súa familia; Armelle, a amante que se asemella a Ava Gardner; ou René, o escénografo polaco. Ou tamén, as cidades da Coruña, Compostela, París, Barcelona ou Nova York, que se comportan como personaxes na novela, na medida en que a gradación da luz dos seus empedrados sinala o camiño dos protagonistas. Calquera deles, humanos ou espazos, revela a fascinación por un tempo máis puro e brillante que o actual. O presente, ao contrario que este pasado glorificado, amósase de xeito paródico na traxectoria literaria de Inma López Silva, con ese humor seu tan *screwball*, que ás veces manifesta un sarcasmo que ben puidera, precisamente, sacar máis á luz nesta memoria. Resultan de particular interese os seus personaxes femininos, que no pasado presenta como mulleres libres e decididas, sedutoras, mentres que no presente semellan abocadas ao desastre como a Doris Day dunha obra anterior. Esta sedución polo pasado, mostrada sobre todo

Memoria da cidade sen luz · Inma López Silva · Galaxia, 2008 · 340 páx · 19 euros



nas descrições de personaxes e na vida das cidades, amosa unha nostalxia imposible por un tempo non vivido do que parece contaxiarse boa parte da produción recente de literatura galega. A memoria, a pegada da guerra e as voces do pasado non deixan moito espazo ao que moitos lectores agardamos tamén da literatura: certa proxección de futuro, unha predición que nos permita albiscar cara a onde imos nestes tempos de penuria. (Con todo, de mantermos o espírito recesionista, precisaremos máis ben dun Dickens).

Memoria de cidades sen luz está construída cunha escrita áxil que inclúe, porén, anacronismos que lle restan algunha credibilidade ao relato, particularmente no que se refire a certas referencias históricas e ao uso da lingua, que por veces



Tenda de roupa para home, 1926. // Eugène Atget

pega chimpos de décadas na boca dos personaxes. A novela ofrece tamén un aquel de optimismo literario, no que a casualidade fía a resolución de moitos misterios, que non todos, ao longo das súas páxinas. Os personaxes, que resultan o

máis atractivo dunha obra que mellora a medida que avanza, loitarán pola e contra a memoria –histórica e persoal–, na procura da forma de sabedoría máis difícil, a de saber xestionar as ausencias. // **Marta Pérez Pereiro**